



**Roteiro polos espazos  
vitais de Ricardo Carvalho  
Calero en Lugo  
con Adela Figueroa "Curra",  
Adela Figueroa, Ramón  
Reimunde e Bernardo  
Penabade  
Lugo, 07-03-2020  
G1903021**



Xacobeo 2021



XUNTA  
DE GALICIA





### Adela Clorinda Figueroa Panisse

Licenciada en Ciencias Biolóxicas pola Universidade de Santiago de Compostela en 1971. Catedrática de Bioloxía-Xeoloxía no IES Lucus Augusti de Lugo desde 1996. Participou na fundación de organizacións como [ADEGA](#), a [Asociación Socio-Pedagóxica Galega](#) e a revista *O Ensino*, foi tamén voceira de [Nunca Máis](#) en Lugo. Foi presidenta de [ADEGA](#), das [Amizades da Eira da Xoana](#) e da [Fundación Eira](#).

Participante nas reunións do Primeiro Acordo Ortográfico da Lingua Portuguesa en Río de Xaneiro de 1986. Vocal da [Agrupación Cultural O Galo](#) durante os anos de estudante en Compostela (1966-1970). Ten colaborado en diferentes revistas como [Cerna ENCIGA](#), [Agália](#), [Portal Galego da Língua](#) e en xornais como [El Progreso](#), [La Voz de Galicia](#), [Xornal.com](#), [Vieiros](#), [A Nosa Terra](#), [Praza Pública](#), [Sermos Galiza](#)...

É autora das seguintes obras de poesía *Vento de amor ao mar* (2003), *Xanela aberta* (2009), *Memória de pés sem sombra* (2017). En narrativa publicou *Madeira de mulher* (2011) e *Atlantidae: Mulher D'Água, Relatos e poesía* (2017). Publicou a obra ensaística *Loita contra o lume*. Como autora de literatura infanto-xuvenil publicou *O Rei da Floresta* (2011), *O mistério da escada interior* (2012) e *Cloe a Amiguinha das Flores* (2017).

Recibiu o *Premio de teatro Infantil O Facho 2018* com a obra *Pingas* (o ciclo da água para crianzas).



### Ramón Reimunde Noreña

Entre 1972 e 1979 navegou como oficial en barcos españois e estranxeiros. Estudou Enxeñería Naval en Oviedo e Madrid. En 1979 obtivo o título de piloto e capitán de Mariña Mercante logo de estudar Náutica na Coruña. Licenciouse en Filoloxía Hispánica (1979) e en Filoloxía Galego-Portuguesa (1982) pola Universidade de Santiago de Compostela. En 1981 foi nomeado profesor agregado de Lingua e Literatura Galega, con destinos en Viveiro, Lugo e Foz, accedendo en 1992 á condición de catedrático de Lingua Galega.

Colabora en xornais como *El Progreso* e *La Voz de Galicia*, e ten participado en xornadas de ensino e congresos. É membro da *Academia Galega da Língua Portuguesa*.

É autor das seguintes obras ensaísticas *Ben pode Mondoñedo desde agora. A esencia popular na obra e na lingua de Manuel Leiras Pulpeiro* (1998), *A costeira* (2006), *Cautivério de Fingoi: os anos lugueses (1950-1965) de D. Ricardo Carvalho Calero* (2010), *Con textículos (recompilación de 77 artigos publicados despois do ano 2000)* (2010), *O Tesouro do Monte*, (2014).

Editou *Poesía galega completa, de Manuel Leiras Pulpeiro* (1984), *Trebón, de Armando Cotarelo Valledor* (1984).

Recibiu o XII Premio literario *Ánxel Fole* no 1998, por *Ben pode Mondoñedo desde agora*.



### **Bernardo Penabade Rei**

Licenciado en Filoloxía Galego-Portuguesa pola USC. Traballou na área audiovisual en empresas vinculadas á TVG no momento en que esta comezaba as súas emisións. Ademais do sincronizado e da dobraxe de filmes e series televisivas, ocupouse da tradución de guiños (especialmente de programas destinados ao público infantil). Tamén desenvolveu un importante labor de dinamización cultural na Residencia Universitaria do Burgo das Nacións, foi un dos impulsores do colectivo de estudantes que organizou numerosos cursos e conferencias e que convocou o Certame Literario. Entre 1997 e 1998 foi colaborador habitual de *Volvoreta*, o suplemento do xornal *El Correo Gallego* para a comunidade universitaria de Compostela. Ten participado en numerosos congresos con relatorios publicados sobre lingüística, sociolingüística e didáctica. Colabora nas revistas *Agália*, *A Nosa Terra* e *Novas da Galiza*...

Dende 1983 é membro da *Associaçom Galega da Língua* e entre xullo de 2001 e 2007 foi o seu presidente. Desde 2008 impulsa o Modelo Burela, primeiro proxecto de planificación lingüística aprobado por unanimidade nunha vila galega e orientado á comunidade procedente de *Cavo Verde*. Desde 2012 coordina en Radio Burela o programa radiofónico Proxecto Neo, centrado nas experiencias de persoas neofalantes do noso idioma.

Tem publicado diversos traballos de investigación así como a coordinación das *Actas do Congreso Álvaro Cunqueiro* (con Araceli Herrero, Ramón Reimunde e Xabier Cordal, 1993); con Marica Campo tivo ao seu cuidado a escolma e notas do libro *Ansias de Vento*, obra póstuma do poeta Gustavo Adolfo Lois Dosil (1996); coordinación e prólogo do volume colectivo *Deixade que voe o paporroibo, que vos conte contos* (1999), *Por un galego extenso e útil* (2010) e *Carvalho Calero actual* (2012).

### **Adela Figueroa Paz**

É licenciada en Humanidades pola USC (2005), licenciada en Antropoloxía pola UNED (2011) e Mestrado en Historia Contemporánea pola USC (2018).

É funcionaria de carreira desde o ano 2008 e na actualidade é profesora de Xeografía e Historia no IES da Sardiñeira (A Coruña).

Comezou a colaborar coa laborar coa rede de formación do profesorado no curso 2018-2019 con temas vinculados á informatización e innovación do terreo da arte e da historia.

**Programa**

- 10:00 - Reparto de materiais e comezo do percorrido
  - Ponto 1 - Rua de Sam Marcos - Deputaçom
  - Ponto 2 - Comboio
  - Ponto 3 - Rua de Rainha nº 2 - Igrexa de Santiago
  - Ponto 4 - Sam Roque nº 14 - Casa da familia
  - Ponto 5 - Rua Bon Xesús nº 8
  - Ponto 6 - Instituto masculino
- 14:00 - Remate da primeira parte do percorrido
- 16:00 - Comezo da segunda parte do percorrido
  - Ponto 7 - Praça Maior nº8
  - Ponto 8 - Praça Maior nº11
  - Ponto 9 - Praça Maior nº23 - Círculo de las Artes
  - Ponto 10 - Praça Maior nº 15 - Luís Pimentel
  - Ponto 11 - Catedral
  - Ponto 12 - Rua Conde Pallares - Casino
  - Ponto 13 - Rua da Rainha nº1 - Méndez Núñez
  - Ponto 14 - Colégio Flngoi
  - Ponto 15 - Rua Carril dos Loureiros nº 7
  - Ponto 16 - Praça de Ferrol





